



## **Obras de humanización na zona da Esfarrapada: AER demanda que non se recepcione a obra mentres non se cumpra co proxecto e mentres non se solucionen as demandas da veciñanza**

A mediados deste mes de outubro, o equipo de goberno convocou unha **xunta de voceiros** para falar sobre as obras da rúas Espírito Santo e Esfarrapada. Esta xunta de voceiros foi convocada despois das protestas veciñais recollidas na prensa, e ante a indignación expresada por AER ao alcalde pola resposta dada na prensa polo concelleiro de interior.

A esta xunta de voceiros **veu o director da obra**, Angel Colsa, a explicar a situación. Estabamos tamén: un representante de AER, un do PSOE, e dous concelleiros do PP (Arturo e Mari Carmen). Non se presentou o representante do BNG nin a concelleira non adscrita. Toma primeiro a palabra o director de obra para dicirnos que o pasado venres fora con Arturo visitar as obras e recolleu as queixas da veciñanza, ás que se comprometeu dar solución.

**O representante de AER expuxo todo o seguinte:**

\* **Inclinación das rúas.** Móstralle ao director de obra os planos do proxecto onde vén reflectida a inclinación das rúas, que non se está a cumprir. Recálcalle que mentres non se solucione este problema, AER fará todo o posible para que non se recepcionen as obras, tal como se lle fixera saber ao equipo de goberno.

O director de obra comenta todas as dificultades que se atoparon: edificio mal feito, tubaxe de gas... Polo que non se puido facer esta inclinación recollida no proxecto.

AER insiste en que teñen que dar unha solución a este tema e pregunta cal podería ser. Despois de moito insistir, o director de obra comprometeuse facer unha "muela" (desbastar a pedra) onde a inclinación está cara a entrada das casas, dirixindo así a auga cara o centro das rúas e cara as recollidas de pluviais. Ante esta solución, AER expresa que estaremos atentos a que isto se faga, e se funciona.

(Continúa na páxina seguinte)

\* **Tapas dos rexistros de pluviais.** O director comenta que nos rexistros quixo poñer tapas abertas en reixa, porque así recollen auga, e se alguén engancha fecais ás fluviais, enterámonos antes. Di que os veciños protestaron porque podían saír ratas. Ao final só puxo este tipo de tapa nun sitio. Dende AER mostrámonos dacordo en que este tipo de tapa sería máis acaída polas vantaxes comentadas, e indicamos que se estas vantaxes se explican ben, seguramente a veciñanza acepte poñelas.

\* **Perigo de inundación pola auga que sae dun garaxe cando chove.** Recoñece que o problema existe. Descoñecían que saíra esa auga, e van meter un tubo de recollida que vaia directo á arqueta. Tamén van cambiarlle a inclinación para evitar a fochanca que se forma diante da casa máis afectada por esta situación.

\* **Separación de pluviais e fecais.** AER manifesta que se comentou que non se fixera completamente esta separación, e así pedimos informe dos técnicos por rexistro, rexistro que non se contestou. Contesta o director de obra que se separou todo, e que se de verdade hai algún punto onde a empresa non o fixera, que llo comunicáramos para solucionalo, pois era un tema moi serio e que lle darían solución.

\* **Lastras ("adoquíns").** Explica o por que da utilización de lastras nalgunhas zonas. Na banda de rodadura para distinguir zonas de peóns e vehículos, comentámoslle que así vén no proxecto. Nunha zona que ía ir pedra puxo lastras porque os tellados non teñen recollida de pluviais e cae a auga directamente, e ía formar verdello, e coa lastra escorrega menos. Contestámoslle que parece que tamén intentaron aforrar traballo e cartos, ademais do perigo de caídas da xente.

\* **Inclinación das escaleiras na costa da Esfarrapada.** AER explica que esta mal a inclinación e que é un perigo, tamén sinalamos que non están tomadas. O director recoñece que está mal e vaise subsanar, explicando o por que dese tipo de rampla que, vista a documentación, era a solución máis axeitada. Comentámoslle que podían aproveitar e forrar de paso o muro da xardiñeira que é de formigón con pedra.

\* **Costa na que tocan os coches e antes non tocaban.** Dinos que non quixo tocar a reixa porque era de ferro forxado e estaba formigonada, e tiña que rompela. Visto que tocan algúns coches, van levantala e darlle inclinación

(tecnicamente reforman a KV) para solucionar esta eiva.

\* **Lombos na costa da Esfarrapada.** Explica que é debido a que os cimentos (rizóns) das casas chegan ata a costa, e non se poden tocar; que intentaron baixar a porcentaxe de inclinación todo o posible. En resumo, que non poden facer nada e vai quedar así.

\* **Varios asuntos veciñais.** Dámoslle conta de varios problemas denunciados pola veciñanza nas súas casas, sinalando para iso a localización dos problemas no plano que trouxo. Contesta que algúns xa están solucionados e outros vainos solucionar.

**Dende AER animamos á veciñanza a que expoñan tódolos problemas ou eivas da obra por rexistro no Concello para que quede constancia. Levando sempre dúas copias para poder quedar con unha. Se teñen algunha dúbida de como facelo, poden pasar pola nosa oficina do Concello e botámoslle unha man.**



Síguenos en



facebook.com/AERedondela



twitter.com/AER\_Redondela

Correo electrónico: [info@aeredondela.com](mailto:info@aeredondela.com)  
Correo postal: Paseo da Xunqueira, 33-1º

[www.aeredondela.com](http://www.aeredondela.com)

**BOLETIN Nº35**  
**29 OUTUBRO 2015**